



Concello de Ribeira de Piquín

ANUNCIO

Aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 2026/0001, de data 2 de xaneiro de 2026, expónse ao público a lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Operario de Servizos-Electricista do Concello de Ribeira de Piquín, así como o nomeamento do tribunal e a convocatoria de probas selectivas:

“DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

Vista a Oferta de Emprego Público para o ano 2025 aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xaneiro de 2025, e publicada no BOP núm. 041, do 19/02/2025 e no DOG núm. 62, do 31/03/2025, para cubrir unha (1) praza de Operario/a de Servizos-Electricista, como persoal laboral fixo.

Vista a publicación da convocatoria do dito proceso selectivo no Boletín Oficial do Estado núm. 259, de data 28 de outubro de 2025, así como a publicación dun extracto da dita convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 209, de data 29 de outubro de 2025.

Analizadas as solicitudes presentadas e tendo en conta que todas compren cos requisitos de ter presentada a documentación xeral esixida nas bases, polo que non procede requirir a subsanación de ningún defecto. Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

LISTA DE ADMITIDOS

Nº	APELIDOS, NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO GALEGO
1	Díaz Díaz, José Pablo	***5117**	SÍ

LISTA DE EXCLUÍDOS

Ningún.

SEGUNDO.- Proceder a nomear aos seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección:

Presidente: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Suplente: D. David Criado Taboada, Secretario-Interventor da Agrupación de Concellos de Agolada (Pontevedra) e Santiso (A Coruña).

Secretaria: Dna. María del Pilar Tella Mazoy, Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).





Concello de Ribeira de Piquín

Suplente: Dna. Eva María Pérez Pita, Administrativa do Concello de Catro de Rei (Lugo).

Vogal: D. Javier Ríío Fernández, Electricista do Concello de A Fonsagrada (Lugo).

Suplente: D. Javier Méndez Alonso, Capataz do Concello de A Pontenova (Lugo).

Vogal: D. Medardo Monteagudo López, Oficial de 1ª Fontaneiro do Concello de Vilalba (Lugo).

Suplente: D. Valentín Reboiro Varela, Operario de servizos múltiples do Concello de Bóveda (Lugo).

Vogal: Dna. María Cristina Camba Gómez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Bóveda (Lugo).

Suplente: Dna. Sandra Teijeira López, Posto Base do Subgrupo A2 da Secretaría do FOGGA de Santiago de Compostela.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o día 9 de xaneiro de 2026, ás 09:00 horas na Antiga Escola de Ribeira de Piquín, aos efectos de valorar os méritos das persoas candidatas que figuran na listaxe definitiva de admitidos.

Así mesmo, convocar ao Tribunal Cualificador para os días 20 e 29 de xaneiro de 2026, ás 09:00 horas, na Antiga Escola de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización e valoración dos exercicios da fase de oposición, primeiro exercicio de carácter teórico e segundo exercicio de carácter práctico, respectivamente.

TERCEIRO.- Convocar aos aspirantes incluídos na lista definitiva de admitidos que acreditasen o coñecemento do idioma galego para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, obrigatorio e eliminatorio, o cal terá lugar na Antiga Escola de Ribeira de Piquín, ás 09:30 horas do día 20 de xaneiro de 2026, e que consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 25 preguntas, con 4 respostas alternativas, proposto polo Tribunal e relacionadas co contido do programa que figura no Anexo I das bases, nun tempo máximo de 45 minutos.

Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo. Cada resposta acertada puntuarse con 0,40 puntos, descontando cada pregunta errónea con 0,20 puntos.

CUARTO.- Convocar aos aspirantes que superasen o primeiro exercicio da fase de oposición á realización do segundo, de carácter práctico, obrigatorio e eliminatorio, o cal terá lugar na nave municipal do Concello de Ribeira de Piquín, ás 09:30 horas do día 29 de xaneiro de 2026. Consistirá na realización de dúas probas prácticas propostas polo Tribunal e que tratarán sobre as actividades propias a desempeñar e segundo o temario (específico) do Anexo I das bases reguladoras do devandito proceso selectivo. O tempo de realización deste exercicio non superará os 20 minutos.

Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

QUINTO.- Publicar a presente resolución íntegra no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica do concello (<https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal>) e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.





Concello de Ribeira de Piquín

SEXTO.- *Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre."*

Ribeira de Piquín, a 2 de xaneiro de 2026.

Asdo.: D. Roberto Fernández Rico,
Alcalde-Presidente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

